

## NOS IV ENCONTROS DE NOVOS ESCRITORES DA CORUÑA

### Antía Otero: 'O motor literario está en marcha e non o deterán decisións políticas'

*Redacción* . Antía Otero é unha das autoras que se reunirán esta fin de semana no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), nos IV Encontros de Novos Escritores e Escritoras, que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Desta vez se preséntanse baixo o título 'Eu ou nós?' e reflexionarán sobre o futuro, os intereses e a produción literaria destes novos valores. O 'risco' ten que ser, ao ver de Antía Otero, o pasaporte destes creadores que 'sen deixar de aprender do pasado' non deben esquecer 'tomar a palabra cara a adiante e sen medo'.



Antía Otero forma parte da delegación galega no Encontro Galeusca

### **Cara a onde camiñan os novos autores?**

Se até o de agora a crítica estaba acostumada a que as voces da literatura galega xurdisen en xeracións, neste momento a xente que aparece faino con nomes e apelidos. Téndese ao individualismo, aínda que existan referencias comúns que evidentemente se reflectan nos textos e nos marquen como xeración.

### **Que lles interesa aos novos escritores?**

Interesan os novos soportes. Estamos a vivir cambios importantes nos que estas ferramentas se presentan como unha nova oportunidade para desenvolver proxectos diferentes. Estamos ante un campo de investigación ao que poder subirnos e no que poder traballar. Por outra parte, a lingua, a identidade e a nación seguen a ser temas que nos enmarcan, porque, ao fin e ao cabo, seguimos a vivir nun lugar coas mesmas características que as xeracións anteriores. Ese tipo de cuestións non cambian a pesar de que evolucionen e nós con elas.

**O debate que arranca mañá no Castelo de Santa Cruz xa leva aberto na rede dende hai algún tempo no blog das xornadas. Que papel pode chegar a xogar a internet neste sentido?**

A rede é un lugar ermo, no que non existen xerarquías. Nela calquera pode crear un espazo dende o que lanzar a súa voz. Ser consciente de que cada un é dono, produtor e executor dese espazo ten unha grande importancia.

**O encontro celébrase a pesar de que a Dirección Xeral de Xuventude lle retirou as axudas. Que lectura fai desta decisión política?**

Non entendo unha sociedade que non valora a literatura propia nin a lingua como sinal de identidade. Estamos ante un retroceso, porque se de algo podemos estar orgullosos en Galiza é dos pulos que a xente nova lle está a dar a todas as disciplinas, non só á literatura. Non apoiar o futuro paréceme unha incongruencia para alguén que goberna o país. Pero non me gusta pensar que esteamos sempre empezando de cero, aínda que esa sexa a sensación. Son momentos de crise pero tamén de oportunidades. Estamos menos arroupados, certo, pero é o momento de demostrar quen somos, que facemos e cara onde queremos camiñar. O motor está funcionando e non se vai deter, porque as ganas, a calidade e a materia para traballar existe.